


PABLO NAVAS

Desde Compostela chega este músico logo de 10 anos percorrendo Galicia e máis de 1000 concertos nas súas costas. En 2018 saca adiante o seu primeiro álbum *[Mundos Paralelos] envasados al vacío*. Nos seus directos combina temas propios cun amplo repertorio de versións de *pop* e *rock*.

Que mellor compañía para un ver-mú?



DJ DARIUS WEIS

Un ano máis contamos ca presenza do noso *disc-jockey* de cabeceira, *Darius*, que nos fará vibrar en diversos momentos da xornada co seu particular estilo.



DÚAS GAMBERRAS E UN MICRO

Proxecto de poesía oral e intervención escénica formado por Nuria Vil e Vanesa Glemse. "Desde 2016, viaxamos de horta en horta pola xeografía movendo os marcos do literario e da improvisación a través da oralidade"



CADELA ASASINA

Non podemos separarnos destas mozas e mozos que inda por riba de artistas son boa xente. Non hai foliada sen a Cadela!



ACTIVIDADES

(Apertura festival a partir das 12:00 h)

- Mercadillo de vinilos
- Xantar Popular
- Timba Poética (micro aberto)
- Sesión Vermú
- Sesión dj
- Concertos e foliada

naufragosdoparadiso@gmail.com

Participa:

FEMforte

Organiza:



Colaboran:



#FESTIVALDOPARADISO2019



Xa está aquí o Paradiso!

Un ano máis, e van oito, as Náufragas achegamos o Paradiso á beira do Cabe. Este ano vimos cargadas de novidades: nova ubicación, ampliación de horarios e máis actividades.

Este foi un ano complicado xa que a dispoñibilidade das compañeiras e a coxuntura política que deixou en suspenso varios meses os orzamentos municipais fixéronnos máis difícil realizar a nosa labor. Pero aquí seguiremos mentres nos queden folgos achegando diversidade cultural a Monforte. Sempre cas portas abertas a todas aquelas que queirades aportar o voso gran de area, coma as compañeiras de FemForte ás que lle desexavos a mellor das sortes na súa loita contra a lacra das violencias machistas e pola construción dunha sociedade feminista, polo tanto, de respecto a tódalas persoas.

Por último, queremos agradecer de novo a toda a xente que fai posible a realización deste evento: desde as institucións e organismos públicos ata as patrocinadoras locais, e como non a tódalas voluntarias e asistentes que nos permitedes soñar unha vez ao ano co noso-voso Paradiso particular.

GRAZAS E QUE VIVA O PARADISO!

Asociación Cultural Náufrag@s do Paradiso

Monforte 2019

EL TAROT DE THOTH

Banda monfortina de versións clásicas do *heavy* formada por músicos procedentes doutros grupos da zona sur de Lugo : *Tiji* , *Chemón* (ex-*Anger*) e Adrián Levices (ex-Liviao de Marrao) ás cordas e completado por *Ciego* (batería) e Lore Vidal (vocalista).



FOTO: MOÁI IMAGEN

LOS PONTIAKS

Formación viguesa cunha mestura de *boogie*, *rock'n roll clásico*, *exótica* e *swing*. Ademáis do seu son rítmico e compacto tamén destacan pola súa estética en escea (esmoquines, caveiras e cascos prusianos). Unha combinación que manterá os vosos esqueletos en movemento.



THE LELLI KELLYS

Despois de 3 anos xirando por locais e salas do país, e de participar durante o 2018 en festivais como o Galegote Rock, o Festigal, ou o Verdoejo Art Rock entre outros, The Lelli Kelly's ofrecen un directo que destila *rock'n'roll clásico*, *punk* e *rythm&blues*. O inconveniente desta banda é que incitan ao público a romper cousas, pero iso xa tal.



HIGH PAW & ELEPHANTS YARD

The Dub Yard Records presenta un proxecto musical que mestura o Reggae de raíz coa influencia da música urbana. Elephants Yard é unha banda de veteranos da escena reggae galega que unen as súas forzas coa nova e prolífica cantante viguesa High Paw para crear un espectáculo potente e variado, onde viaxamos dende ritmos cálidos de Xamaica como o *rocksteady* ata sons máis modernos como o do *hip hop*.

En 2018 realiza unha exitosa xira por México acompañada en varios concertos pola súa banda.

